

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2023

Á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades:

Dirixímonos a vostede en relación coa desregulación existente sobre o concurso de traslados do curso que vén, especificamente no que respecta á forma de concursar do persoal funcionario docente que vai obter a súa praza por concurso extraordinario de méritos sen fase de prácticas.

CCOO leva tempo propondo en tódalas mesas e contextos institucionais a nivel estatal e autonómico que se debe regular a forma de concursar no seu primeiro concurso de traslados do profesorado que obteña a súa praza no concurso extraordinario de méritos. É necesaria unha regulación transitoria neste sentido.

Non se avanzou nada nesta cuestión e é necesario. A normativa ata agora non podía ter en conta a este colectivo na forma de participación e orde de prelación dos concursos de traslados dado que era un elemento en absoluto previsto ou esperado anteriormente. Non se debería asimilar a situación nin ao funcionariado de carreira provisional ou en expectativa de destino que xa teña esa condición, nin ao profesorado que concursa desde o seu destino de prácticas obtido tralos procesos de concurso-oposición do 2023 e convocatorias anteriores, de selo caso.

É un novo colectivo que require dunha regulación excepcional para o seu primeiro concurso de traslados, igual que o é o procedemento polo que vai obter a súa condición de funcionario/a de carreira. A súa orde de prelación non pode ser superior ao dos outros colectivos antes mencionados se se quere respectar a filosofía da norma e evitar agravios comparativos.

O próximo concurso de traslados é de ámbito autonómico e, por iso, solicitamos que se implique nesta cuestión e a coordine co Ministerio de Educación e FP para realizar as actuacións oportunas de cara a facer efectiva esa regulación transitoria. Así mesmo, solicitamos que na asignación de efectivos para o inicio do próximo curso teña en conta esta cuestión na orde de prelación de colectivos na dita asignación.

Sen outro particular e quedando á espera da súa resposta, reciba un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2023



Asdo: José Manuel Fuentes Fariña
Secretario de Acción Sindical da Federación de Ensino de CCOO

